

## **GONDOMAR**

### **A N U N C I O**

Aprobada inicialmente a Ordenanza de Protección de Animais en sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación municipal o día 30 de abril de 2009 e informado publicamente dito acordo no B.O.P. núm. 111 de 12 de xuño de 2009.

Non habéndose formulado reclamación algunha contra dito acordo, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza que de seguido se publica como ANEXO.

### **ANEXO**

#### **ORDENANZA DE PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS**

##### **CAPÍTULO 1 .—OBXECTIVO E FINALIDADE**

Artigo 1.—Esta ordenanza ten por obxecto regular a protección e tenza de animais en xeral, as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos procurando a tenza responsábel e a redución do abandono dos mesmos, fomentando a participación cidadán na súa defensa e protección, preservando ademais a saúde e a tranquilidade das persoas.

Artigo 2.—Fican excluídos deste Ordenanza rexéndose pola súa propia normativa:

- A Caza
- A Pesca
- A protección da fauna silvestre no seu medio natural
- A gandería entendida como a cría de animais con fins de abasto
- Calquera outra que sexa obxecto dunha regulación específica no futuro

Artigo 3.—Están suxeitas á obtención da preceptiva Licencia Municipal segundo determine no seu caso a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do ar e protección da atmosfera; a Lei 1/95, de 2 de Xaneiro, de protección ambiental de Galicia; e o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental e demais normativa que lles sexa de aplicación as seguintes actividades:

- Establecementos hípicas con fins recreativos, deportivos ou turísticos
- Criadeiros de animais de compañía para a reprodución e subministración a terceiros
- Fatos ou establecementos destinados a aloxamento temporal
- Consultorios, clínicas e hospitais veterinarios.

##### **CAPITULO 2 .—DEFINICIÓNS**

Artigo 4.—Para os efectos desta Ordenanza enténdese por:

- a) Animal doméstico: o que de xeito tradicional convive co home
- b) Animal abandonado: aquel que non teña dono nin domicilio coñecido, que non leve ningunha identificación do propietario ou non vaia acompañado por alguén que poida demostrar a súa propiedade.
- c) Núcleos zoolóxicos: aqueles que albergan coleccións zoolóxicas de animais con fins científicos, culturais, recreativos, de reprodución, recuperación, adaptación ou conservación dos mesmos.
- d) Centros para o fomento e coidado de animais de compañía: aqueles que teñen por obxecto a produción, explotación, tratamento, aloxamento temporal ou permanente e a venda de animais pequenos para viviren domesticados no fogar, incluíndo criadeiros, residencias e centros para o fomento e coidado dos animais de compañía.
- e) Asociacións de protección e defensa dos animais: as asociacións non lucrativas, que legalmente constituídas, teñan por finalidade a defensa e protección dos animais. Ditas asociacións terán, a tódolos efectos, a consideración de utilidade pública e benéfico docente dun veterinario.

**CAPITULO 3 .—SOBRE A TENZA DE ANIMAIS**

Artigo 5.—Quen posúa un animal salvaxe en cautividade será responsábel da súa protección e coidado así como de cumprir as obrigas previstas nesta Ordenanza.

Artigo 6.—Prohíbese:

- Maltratar aos animais ou sometelos a calquera práctica que lles poida producir un sufrimento inxustificado.
- Abandonalos
- Mantelos en instalacións indebidas desde o punto de vista hixiénico sanitario
- Efectuarlles mutilacións, agás a intervención veterinaria en caso de necesidade ou por esixencia funcional ou estética, para que teñan a presentación habitual da súa raza.
- A utilización de animais de compañía en espectáculos, pelexas ou actividades que impliquen crueldade ou maltrato e que poidanlles ocasionar sufrimento.
- Negarlles a alimentación necesaria para o seu normal desenvolvemento
- Subministrarlles alimentos que conteñan sustancias que poidan producirles sufrimentos ou danos innecesarios.
- Prohíbese absolutamente a entrada de animais en establecementos adicados á fabricación, venta, almacenaxe ou manipulación de alimentos. Sen embargo en restaurantes, bares ou cafeterías, a entrada e permanencia dos mesmos fica condicionada, sempre que non supoña molestias para os concorrentes, ao criterio do dono do establecemento. Exceptúase o caso dos cans guía para os diminuídos físicos ou sensoriais que poderán acceder a tódolos lugares públicos, mesmo o transporte colectivo.
- Fica absolutamente prohibido o abandono de cadáveres de calquera animal na vía pública.

Artigo 7.—O posuidor dun animal será responsábel dos danos, prexuizos ou molestias que ocasione, consonte ao establecido no Código Civil, artigo 1905, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria do propietario.

Artigo 8.—A tenza de animais en solares abandonados ou naqueles lugares onde non poida exercerse sobre os mesmos a necesaria vixianza, realizarase de xeito que os animais gocen de coidados e protección abondo para que desenvolvan a súa vida en condicións acaidas e non causen molestias ou danos ao vecindario. En lugar visible deberá advertirse da existencia dun can de garda.

Artigo 9.—Cando os animais deban manterse atados a un punto fixo, a lonxitude da atadura non poderá ser inferior ao resultado de multiplicar por tres a lonxitude do animal tomada dende o fociño ao nacemento da cola, non sendo nunca inferior a dous metros. Nestes casos disporase un recipiente ao alcance do animal con auga potábel.

Artigo 10.—Na vía pública os animais de compañía deberán ir debidamente identificados e suxeitos con correa ou cadea e colar.

Artigo 11.—Deberán ir con bozo os animais das razas incluídas na lei que regula a tenza dos potencialmente perigosos e aqueloutros cuxa perigosidade sexa razoabelmente predecibel dada a súa natureza e características.

Artigo 12.—Anualmente deberá someterse aos animais ás vacinacións obrigatorias, facéndose constar o cumprimento desta obriga na súa tarxeta de control sanitario.

Artigo 13.—No caso de declaración de epizootias os donos dos animais cumprirán as disposicións sanitarias preventivas que se diten polas autoridades competentes, e igualmente as prescricións regulamentarias que acorde a Alcaldía.

Artigo 14.—Os habitáculos dos cans que teñan que permanecer a maior parte do día no exterior deberán estar construídos con materiais impermeábeis para que os protexan das inclemencias do tempo, e estarán ubicados de xeito que non queden expostos directamente ás radiacións solares nin á choiva.

Artigo 15.—O habitáculo será abondo amplo para que o animal caiba nel folgadamente. A súa altura permitiralle permanecer de pé, co pescozo e a cabeza esticados; a súa anchura permitirá que o animal poida dar a volta dentro.

Artigo 16.—O animal cuxo dono sexa denunciado por lle causar malos tratos ou por telo en lugares que non reúnan as condicións dispostas na presente Ordenanza, poderá ser incautado se aquel ou a persoa de quen dependa non reificase do xeito determinado en cada caso.

Artigo 17.—Cando os animais de compañía deban permanecer en vehículos estacionados na vía pública, o seu dono ou posuidor adoptará as medidas pertinentes para que a aireación e a temperatura sexan as axeitadas.

Artigo 18.—No caso de que os animais produzan deposicións na vía pública, as persoas que conduzan ao animal están obrigadas a recollelas do lugar onde aqueles as depositen.

Artigo 19.—As persoas agredidas por animais comunicarán o sucedido ás autoridades sanitarias municipais.

Artigo 20.—O propietario ou posuidor do animal agresor deberá presentarse no servizo municipal co documento de identificación do mesmo e tódolos datos que poidan dar información á persoa ferida, ou ao propietario do animal atacado e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

Artigo 21.—O propietario ou posuidor do animal agresor responderá administrativamente por non teren adoptado as medidas de protección establecidas nesta Ordenanza, estando obrigados a asumir os gastos orixinados pola agresión previa instrución do correspondente procedemento administrativo, que determinará os danos causados e as responsabilidades a que dean lugar.

Artigo 22.—As baixas por morte, desaparición ou venta dos animais de compañía inscritos no Rexistro do Concello, serán comunicadas polos seus propietarios ou posuidores, no prazo máximo de 15 días contados desde que o feito se produce, no correspondente servizo do Concello presentando a documentación especificada no artigo 39 da presente Ordenanza.

Artigo 23.—Os propietarios ou posuidores de animais censados que cambien de domicilio ou transfiran a propiedade dos mesmos deberán comunicalo, para a súa correspondente anotación no Rexistro, nun prazo de 15 días.

Artigo 24.—Aos propietarios ou posuidores dun animal non registrado no Concello de Gondomar, pero que se atopen nel no momento de causar algún dano, aplicaráselles a sanción correspondente fixada na Ordenanza, quer polo Concello, quer pola Xunta segundo quen sexa competente.

#### **CAPÍTULO 4.—CENSO E IDENTIFICACIÓN**

Artigo 25.—A posesión ou propiedade de cans que vivan habitualmente no termo municipal, obriga aos seus propietarios ou posuidores a identificalos mediante a implantación dun Microchip, a proveerse da Tarxeta Sanitaria Canina e a inscribilos no Censo Municipal de Animais de compañía ao cumprir o animal os tres meses de idade, ou un mes despois da súa adquisición. Tamén obriga a estar en posesión do documento que o acredite.

Artigo 26.—No caso dos gatos, o disposto no artigo anterior considerase de carácter voluntario.

Artigo 27.—Na documentación do censo incluíranse os seguintes datos:

- Número de identificación
- Especie
- Raza
- Data de nacemento
- Nome
- Sexo
- Cor
- Domicilio habitual do animal

- Nome do propietario e DNI
- Función e aptitude do animal, indicando se é para compañía, garda, defensa, caza, etc.

#### CAPÍTULO 5.—ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 28.—A presente Ordenanza, ao respecto, ten por obxecto a regulación da concesión e renovación das licenzas administrativas para a tenza de animais potencialmente perigosos e a normativa para a súa inscrición no correspondente Rexistro Municipal.

Quedan excluídos da aplicación da presente Ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 29.—Considéranse animais potencialmente perigosos aqueles que, sendo utilizados como animais domésticos ou de compañía, con independencia da súa condición ou natureza, pertencen a especies ou razas que teñan a capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou danos de certa entidade ás cousas.

No caso concreto dos cans, entenderanse como potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

- Os que teñan historial de agresións a persoas, animais ou ataques de certa entidade ás cousas.
- Os entrenados para garda e defensa.
- Os que polas súas características raciais sexan aptos para o entrenamiento de garda e defensa, e en particular, os pertencentes ás seguintes razas: American Staffordshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Argentino, Dogo de Burdeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileño, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Que de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu.

Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destes, cruces destas razas entre si ou con outras razas, obténdose un resultado de tipoloxía similar a algunha das arriba citadas.

- Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante entrenamiento, maltrato ou calquera outro medio. Dita agresividade será apreciada pola autoridade competente da Consellaría de Medio Ambiente de oficio, ou despois de notificación ou denuncia, e logo dun informe dun entrenador ou veterinario designado ao efecto.

Artigo 30.—A tenza de animais potencialmente perigosos, require a obtención, con carácter previo a adquisición do animal, da correspondente licenza municipal que se expedirá no concello de residencia habitual do propietario.

Están obrigados á obtención da Licencia Municipal para a tenza de animais considerados como potencialmente perigosos os propietarios ou posuidores dos mesmos, incluídos no padrón de habitantes e tamén os establecementos ou asociacións, que con sede neste concello, alberguen animais aos que se refire o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e adíquense á súa explotación, recollida, cría, comercialización ou adestramento.

Os propietarios de animais potencialmente perigosos, non avencidados neste concello, deberán acreditar, cando se atopen residindo temporalmente no mesmo e mentres permaneza o animal no termo municipal, a tenza da licenza outorgada no concello de orixe.

No caso de inscrición de animais con historial de ataques a persoas, outros animais ou cousas, unha vez coñecida a resolución ou sentenza, de oficio ou a instancia de calquera interesado directo e previa a tramitación do expediente administrativo con audiencia do interesado, requirirase ao propietario mediante Resolución da Alcaldía, ao obxecto de que no prazo dun mes proceda á solicitude de licenza, efectuándose en caso contrario a retirada e depósito do animal.

Artigo 31.—Tramitado o expediente consonte á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999,

do 13 de Xaneiro, concederáse a licenza e o número correspondente da mesma, mediante Resolución da Alcaldía.

Artigo 32.—A obtención da licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos, requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Ser maior de idade, acreditado mediante fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Non ter sido condenado por delito de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual, a saúde pública, asociación con banda armada ou narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos. Todo o que se acreditará mediante certificado de antecedentes penitenciarios.
- Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o Réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal da mesma sempre que, no momento da solicitude, aquela estivese cumprida integramente.
- Acreditarase mediante certificado negativo expedido pola Consellaría de Medio Ambiente.
- Dispor do certificado de capacidade física e aptitude psicolóxica para a tenza de animais potencialmente perigosos.
- Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil, renovábel anualmente, polos danos a terceiros que poida ocasionar o animal, cunha cobertura mínima de 125.000 euros.
- Os requisitos anteriores deberán manterse vixentes durante todo o período de tenza do animal, a perda de calquera deles dará lugar á revisión da licenza.

Artigo 33.—A licenza terá unha vixencia de cinco anos. Transcorridos os mesmos deberá ser obxecto de renovación, por igual período, mediante a presentación da mesma documentación esixida para a súa obtención, debendo acreditarse anualmente a subscripción do seguro de responsabilidade civil.

Artigo 34.—A tenza da Licenza Municipal acreditarase mediante a entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, mediante a entrega dunha tarxeta acreditativa expedida polo Concello na que constarán os seguintes datos:

- Número da Licenza
- Data da Resolución do expediente de solicitude da Licenza
- Data de caducidade
- Nome e apelidos do titular, así como DNI e enderezo
- Fotografía actualizada
- Carimbo do Concello

Artigo 35.—Para a expedición da tarxeta identificadora de cada can requirirase a aportación dos seguintes datos:

- Raza, sexo e ano de nacemento do animal
- Domicilio habitual do animal
- Especificación de si esta destinado a convivir cos seres humanos, ou ten aptitudes distintas como a garda, protección ou calquera outra que deberá indicarse.
- Nome, DNI e enderezo do propietario
- Nome ou razón social e domicilio do vendedor ou cedente.
- Certificado de Sanidade Animal expedido polos Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou por un veterinario colexiado, que acredite, con periodicidade anual, a inexistencia de enfermidades ou trastornos que fagan ao animal especialmente perigoso.

- Xustificante do abono da Taxa pola expedición da Licenza Municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos.
- Certificado sanitario de esterilización caso de terse efectuado.
- Facturas e xustificantes de adquisición.

Os datos anteriores deberá facilitalos o adquirente do animal no prazo de quince días a contar desde a súa tenza efectiva.

Para a renovación da Licenza Municipal deberá aportarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada da renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Copia compulsada do certificado de Sanidade Animal efectuado nunha data non anterior a dous meses á da renovación da Licenza.
- Xustificante de abono da taxa municipal.
- Certificado de capacidade física
- Certificado de aptitude psicolóxica.

Artigo 36. — Calquera variación dos datos que figuren na Licenza deberá comunicarse polo seu titular nun prazo de quince días, contados desde a data na que se produza, ao órgano competente do Concello para que proceda a realizar a correspondente revisión.

A perda polo titular de calquera dos requisitos esixidos dará lugar a revocación da Licenza Municipal outorgada, previa a tramitación do correspondente expediente contradictorio. A mesma dará lugar á perda do dereito á tenza do animal.

Nese caso o propietario procederá, no prazo máximo de quince días, á entrega do animal a un novo titular que posúa licenza en vigor. De así non seren farase entrega do animal no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do Concello, respectando en todo momento o disposto na Lei 1/1993, de 13 de abril, e nos artigos 53 ao 60 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, que a desenvolven.

Artigo 37. — Crease o Rexistro Municipal de Animais potencialmente perigosos no que se inscribirán aqueles que teñan a súa residencia habitual no concello de Gondomar.

O Rexistro terá un tratamento informatizado no que se farán constar, consonte ao disposto no artigo 4.2 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, como mínimo, os seguintes datos con respecto ao animal:

- Número do microchip.
- Nome do animal.
- Especie.
- Raza (tratándose de cans).
- Sexo.
- Características externas (capa, tipo e cor da pel, etc.).
- Data de nacemento.
- Aptitude (función do animal): compañía, garda, defensa, caza, etc.
- Causa de inclusión no Rexistro (supostos do artigo 2.2 do Decreto 90/2002).
- Enderezo habitual do animal.
- Data de adquisición do animal.
- Forma de adquisición (cría, doazón, traspaso, venta...)
- Observacións.

E con respecto ao propietario ou posuidor:

- Nome, apelidos e enderezo habitual.
- Teléfonos de contacto.
- Número, data e concello de expedición da correspondente licenza administrativa.

A identificación con microchip dos animais potencialmente perigosos é obrigatoria sen excepcións.

Os propietarios dos animais serán os responsábeis de identificalos sufragando os gastos que isto ocasione. A identificación é un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.

En todo caso, o uso e tratamento dos datos contados no Rexistro farase consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de datos persoais.

O Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos é un rexistro de carácter público, ao que terán acceso as Administracións Públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo para o coñecemento dos datos alí obrantes. En calquera caso, o uso e tratamento dos datos será consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos persoais

Artigo 38.—Os titulares da licenza administrativa están obrigados a inscribir ao animal no Rexistro Municipal do concello de residencia deste no prazo de quince días, contados a partir da obtención da mesma, segundo recolle o artigo 6.2 da Lei 50/1999 e o artigo 4.1 do Decreto 90/2002.

Tamén será obrigatoria, a instancias do propietario, a inscrición do animal no Rexistro Municipal do concello correspondente cando se traslade dun a outro por período superior a tres meses.

Artigo 39.—A inscrición no Rexistro de animais potencialmente perigosos acredítase mediante a entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, mediante a entrega dunha tarxeta acreditativa, de tamaño carné, expedida polo concello na que figurarán os seguintes datos:

- Número do microchip e data de alta do animal no Rexistro Municipal
- Nome, especie, raza, sexo, capa e data de nacemento do animal
- Enderezo do animal
- Nome, apelidos e DNI do propietario
- Licenza do propietario (número ,data e Concello de expedición)

Artigo 40.—A baixa no Rexistro de Animais potencialmente perigosos, farase a instancia do interesado, previa acreditación da morte do animal por un veterinario ou a autoridade competente.

Tamén se anotará a baixa no caso de traslado da residencia habitual do animal a un municipio distinto a instancias do interesado que deberá dar de alta ao animal no novo concello de residencia.

A subtracción ou perda do animal por un prazo superior a tres meses será motivo de baixa definitiva no Rexistro.

Faranse constar como de propiedade municipal aqueles animais depositados no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do Concello, que carezan de dono e sexan recollidos na vía pública, ou que sendo este identificado non os reclame no prazo de dez días despois de seren avisado, consonte ao disposto no artigo 53 do Decreto 153/1998. Tamén os que sexan obxecto de comiso definitivo ao seu propietario.

Artigo 41.—O propietario dun animal deberá comunicar ao Rexistro calquera variación dos datos que nel figuren, no prazo de quince días de que esta se produza.

Deberá comunicarse ao Rexistro a venta, traspaso ou doazón do animal.

Calquera incidente producido por un animal potencialmente perigoso ao longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, farase constar na súa folla rexistral. No caso de agresións anotárase, como mínimo: data da denuncia, descrición dos feitos e consecuencias xurídicas.

A sustracción ou perda do animal comunicarase polo titular no prazo máximo de 48 horas desque se teña coñecemento dos feitos.

Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán comunicar ao Rexistro a castración ou esterilización do mesmo, mediante copia da correspondente certificación veterinaria.

Artigo 42.— A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza porte a Licenza Municipal e a certificación acreditativa da inscrición do Rexistro Municipal correspondente.

Estes cans deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensíbel de menos de dous metros, e non poderá levarse máis ca un por persoa.

#### **CAPÍTULO 6.—ESTABLECEMENTOS DE ANIMAIS DE COMPAÑA**

Artigo 43.— Os establecementos de animais de compañía, que se definen no artigo 2 desta Ordenanza, deberán cumprir as seguintes normas:

- Estar dados de alta como Núcleos Zoolóxicos
- Estar en posesión da Licenza Municipal de apertura
- Dispor de instalacións axeitadas para evitar o contaxio de enfermidades e para gardar, no seu caso, períodos de corentena.

#### **CAPÍTULO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS**

Artigo 44.— As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Considéranse faltas moi graves:

- Maltratar aos animais ou sometelos a prácticas que lles poidan causar sufrimentos ou danos inxustificados.
- Abandonar aos animais.
- A utilización de animais de compañía en espectáculos, pelexas ou outras actividades que impliquen crueldade, maltrato ou que lle ocasionen sufrimento.
- Subministrarlles alimentos que conteñan sustancias que poidan ocasionarlles sufrimentos ou danos innecesarios.
- Non adoptar as debidas precaucións cos animais potencialmente perigosos.
- A reincidencia na comisión de infraccións graves.
- Ademais as previstas no artigo 13.1 da Lei 50/1999 do estado e no artigo 22 da Lei 1/1993 da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consideraranse faltas graves:

- Non proporcionarlle aos animais a alimentación axeitada ou mantelos en instalacións que non cumpran o disposto nesta Ordenanza.
- Causarlles mutilacións, agás a intervención veterinaria en caso de necesidade ou por esixencia funcional ou estética, para lles dar a presentación habitual da súa raza.
- Non realizarlles a vacinación ou tratamentos obrigatorios para os animais de compañía.
- A negativa ou resistencia a facilitar datos ou a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, e tamén o subministro de información inexacta ou documentación falsa.
- Impedir o acceso a lugares de uso público, establecementos turísticos ou transporte colectivo dos cans guía para diminuídos físicos ou sensoriais.
- Non realizar a inscrición no Rexistro dun animal potencialmente perigoso.
- Non observar as debidas precaucións cos animais potencialmente perigosos
- Abandonar animais mortos na vía pública.
- A reincidencia na comisión de infraccións leves.
- Consideraranse tamén as previstas no artigo 13.2 da Lei 50/1999 do estado, e o artigo 21 da Lei 1/1993 da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consideraranse faltas leves:



- A posesión de cans non censados ou identificados.
- A tenza de animais en solares abandonados sen cumprir o disposto nesta Ordenanza.
- A non recollida das deposicións do animal na vía pública.
- Serán tamén faltas leves o incumprimento das obrigas establecidas na Lei 50/1999 do estado e a Lei 1/1993 da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 45.—A resolución sancionadora poderá comportar a confiscación dos animais obxecto da infracción.

Artigo 46.—As infraccións leves sancionaranse con multas de 30 a 100 euros; as graves con multa de 101 a 300 euros e as moi graves con multa de 301 a 500 euros. Polo que fai a cans potencialmente perigosos a gradación das sancións será a recollida no artigo 13.5 da Lei 50/1999 sobre o réxime xurídico da Tenza de Animais potencialmente perigosos.

Artigo 47.—Considéranse responsábeis das infraccións aos que por acción ou omisión participaron na comisión das mesmas, ao propietario ou posuidor dos animais.

Artigo 48.—Para a gradación da contía das multas e da imposición das sancións estarase á transcendencia social, sanitaria ou ao prexuízo causado pola infracción cometida.

Artigo 49.—A imposición de calquera sanción especificada na presente Ordenanza rexeráse polas seguintes normas:

- O procedemento iniciárase sempre de oficio pola Alcaldía, quer por iniciativa propia, quer polo requirimento doutra Administración Pública, petición razonada doutros órganos municipais ou denuncia veciñal ou dos axentes da autoridade.
- A resolución da iniciación notificarase ao presunto responsábel concedéndolle un prazo de dez días para formular alegacións ou presentar os documentos ou alegacións que considere pertinentes.
- O Decreto de iniciación do procedemento deberá conter:
  - ✓ A identificación da persoa ou persoas presuntamente responsábeis.
  - ✓ Exposición sucinta dos feitos que motivan a incoación do procedemento, a súa cualificación e as sancións que puideran corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.
  - ✓ Instrutor do procedemento indicando o réxime para a súa recusación.
  - ✓ Medidas de carácter provisional que se acorden pola Alcaldía ao iniciar o procedemento sancionador.
  - ✓ Indicación do dereito a formular alegacións, á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.
  - ✓ Se o inculpado formulase alegacións, o instrutor emitirá proposta de resolución no prazo de 15 días unha vez rematado o prazo de audiencia.
  - ✓ A Alcaldía resolverá no prazo dun mes contado desde que tivese finalizado o prazo de alegacións se non se presentasen polo inculpado ou desde que o instrutor formulase proposta de resolución en caso contrario.

#### DISPOSICIÓNS XERAIS

- 1) A presente Ordenanza entrará en vigor no prazo dun mes desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, quedando nese momento derogadas cantas disposicións municipais anteriores sexan incompatíbeis ou se opoñan ao seu articulado e tamén as que no pasado regulasen a materia obxecto da presente.
- 2) A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

Gondomar, a 20 de febreiro de 2012.—O Alcalde, Fernando Guitián Guitián.

2012005328